

1.

a) Xeito, b) oriental, c) tesouro.

2.

a) Non. Ten unha finalidade práctica. Trátase dun texto expositivo.

b) Non. A información que achega carece de connotacións subxectivas.

c) Fala dun animal que existe: a formiga. Explica cando apareceron na Terra e estima o seu peso en relación con outros seres vivos.

d) Poderíamos sinalar o epítonema ou exclamación final, así como o uso dos puntos suspensivos. Utilízanse precisamente no último parágrafo, onde o autor, a modo de conclusión, deixa ver a súa subxectividade en forma de opinión.

Polo demais, non hai recursos estilísticos, pois a información pretende ser clara, sen «adornos».

e) É un texto non literario, porque busca transmitir información e ten unha finalidade práctica, non crear beleza.